

# A Gaita do Crisóstomo

Recollida ó señor Antonio Camba, de Pino

1

Verán un caso chocante  
na montaña do Cebreiro  
con unha nena ben feita *(BIS)*  
que casou con un gaiteiro

As nenas daquela terra  
son moi amigas da gaita  
e como haxa quen lles toque *(BIS)*  
bailan sempre e nunca cansan

El chamábase Crisóstomo  
e un día vendeu a gaita  
e a rapaciña enfadouse *(BIS)*  
porque lle facía falta

Non te enfades rapaciña  
porque che vendín a gaita  
vendina porque era vella *(BIS)*  
e xa iba estropeada

2

Ai pois voa cousa fixeches  
seica te tentou o demo  
xa podes marchar da casa *(BIS)*  
que eu sen gaita non te quero

Cala muller, que mañan  
pra contentarte rapaza  
hei comprar outra máis nova *(BIS)*  
anque empeñémo-la casa

Axiña que veu a nova  
botoulle as mans o punteiro  
e dixo gracias a Dios *(BIS)*  
tiroli meu gaiteiro

e dixo gracias a Dios *(BIS)*  
tiroli meu gaiteiro

